



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PORTO DO SON

*Aprobación definitiva da Ordeanza fiscal reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos*

#### ANUNCIO

Ao abeiro do disposto no artigo 17.4 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, unha vez que se elevaron a definitivos os acordos iniciais de establecemento da referida taxa e de aprobación da ordenanza fiscal que a regula, e que é do seguinte teor literal:

#### “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

##### Artigo 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Porto do Son establece a taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos.

##### Artigo 2. Feito imponible

1. Nos supostos de declaracións responsables e comunicacións previas constitúe o feito imponible da taxa:

a) A actividade municipal técnica e administrativa de verificación inicial da documentación achegada polos interesados, consonte á normativa reguladora da apertura de establecementos e realización de determinadas obras.

b) As actividades de comprobación, control e inspección que sexan precisas e todas as actuacións que impliquen a execución de medidas correctoras para manter as condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade e as demais impostas pola normativa urbanística e sectorial aplicable.

2. Nos supostos de autorizacións previas, constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal técnica e administrativa conducente a verificar se os establecementos comerciais reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario para que o concello outorgue a licenza de apertura.

3. A estes efectos teñen a consideración de apertura:

a) A instalación por primeira vez do establecemento para comezar as súas actividades.

b) Os traslados de locais.

c) A variación ou ampliación das actividades desenvolvidas no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

d) Os traspasos ou cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa.

e) Calquera outro feito que implique unha modificación na actividade ou no local no que se desenvolva.

##### Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou se desenvolva no establecemento.

#### Artigo 4. Responsables

1. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei xeral tributaria e co alcance nel previsto.

#### Artigo 5. Cota tributaria

Epígrafe A) Actividades suxeitas ó réxime de declaración responsable ou comunicación previa:

- Actividades realizadas en locais de menos de 50 m2.....125 €
- Actividades realizadas en locais entre 51 e 100 m2 .....190 €
- Actividades realizadas en locais de máis de 101 m2..... 250 €
- Cambio de titularidade ..... 50% dos anteriores

Epígrafe B) Actividades suxeitas ó réxime de licenza de apertura ou actividade:

- Actividades realizadas en locais de menos de 100 m2.....250 €
- Actividades realizadas en locais entre 101 e 250 m2.....380 €
- Actividades realizadas en locais de máis de 250 m2.....500 €
- Cambio de titularidade .....50% dos anteriores

No caso de desestímulo formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, as cotas a liquidar serán do 20 % das establecidas anteriormente, sempre que a actividade municipal de iniciase efectivamente.

#### Artigo 6. Exencións e bonificacións

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

#### Artigo 7. Vindicación

1. Nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos entenderase iniciada a dita actividade:

- a) Nas actividades suxeitas a licenza, na data na que se presente a súa solicitude.
- b) No resto dos supostos, cando se presente a declaración responsable ou comunicación previa do inicio da actividade.

2. Cando a apertura do establecemento ou as obras vinculadas á aquela se iniciaran sen obter a licenza ou sen realizar a correspondente declaración responsable ou comunicación previa, a vindicación terá lugar cando se inicie efectivamente a actividade municipal encamiñada a verificar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, independentemente da iniciación do expediente administrativo que, no seu caso, se instrúa para autorizar a apertura do establecemento ou acordar o peche se a apertura non fora susceptible de autorización.

#### Artigo 8. Réxime de declaración e ingreso

1. No caso da autorización previa, no momento da súa solicitude ingresarase como depósito previo o importe estimado dos anuncios que sexa preciso publicar e outros gastos análogos que sexan de conta do interesado. A taxa liquidarase xunto co acordo de outorgamento da autorización e, así mesmo, practicarase a liquidación definitiva relativa aos anuncios e os outros gastos depositados. No caso de que da liquidación definitiva resulte un importe a devolver, esta compensarase co importe da taxa ata, como máximo o importe desta. Se aínda así, o importe a devolver fose superior ao da taxa, procederase á súa devolución. En caso contrario, notificarase a liquidación ao interesado para o seu cobro, de acordo cos artigos 102.1 e 102.2 da Lei xeral tributaria.

2. Nos supostos de presentación de comunicación previa ou declaración responsable, esixirase o depósito previo da taxa, que se ingresará mediante autoliquidación xunto co modelo correspondente facilitado polo concello. O dito ingreso deberá acreditarse no momento da presentación da comunicación ou declaración. O pagamento da autoliquidación terá o carácter de provisional e será a conta da liquidación definitiva, no caso de que proceda.

**Artigo 9. Infraccións e sancións**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lles correspondan, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

**Disposición derogatoria**

Unha vez que entre en vigor esta Ordenanza quedará automaticamente derogado o epígrafe 2º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición e tramitación de documentos, relativo á apertura de establecementos.

**Disposición final**

Esta Ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 14/11/2013 e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP aplicándose mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.”

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso- administrativo, perante a Sala do Contencioso- administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa.

Porto do Son, 13 de xaneiro de 2014.

O Alcalde- Presidente,

Asdo. José Luis Oujo Pouso

2014/419